

Regulamento das

PRÁCTICAS EXTERNAS DO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Facultade de Educación e Traballo Social
Grao en Educación Infantil



Aprobado en Xunta de Centro
3/05/2023



Centro certificado
FIDES AUDIT



Facultade de
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo

Área de Calidade

REGULAMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS (PRACTICUM) DO GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Por parte da Facultade de Educación e Traballo Social, aprobado en Xunta de Centro o 3 de maio de 2023.

PREÁMBULO.

As competencias específicas do grao en Educación Infantil son definidas na ORDE ECI/3854/2007, de 27 de decembro, na cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre/a en Educación Infantil. Entre estes requisitos faise referencia, no ANEXO (apartado 5), á planificación do ensino, sinalando que o plan de estudos deberá incluír, entre outros, un módulo formativo denominado Prácticum que se desenvolverá “en centros de educación infantil recoñecidos como centros de formación en prácticas mediante convenios entre as Administracións Educativas e as Universidades”.

Así mesmo, o 30 de xullo de 2014 publícase o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos e s t u d a n t e s universitarios, así como os dereitos e deberes tanto de estudantes en prácticas como de tiores/as da entidade colaboradora e da universidade. Posteriormente, o Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro (BOE 29-09-2021), establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

Para dar cumprimento a todos estes requisitos, o plan de estudos do Grao de Educación Infantil da Universidade de Vigo, avaliado positivamente pola ANECA, contempla en cuarto curso (1º e 2º cuatrimestre) unha materia obrigatoria denominada Prácticum cunha carga lectiva de 48 créditos e na que se especifican as competencias, contidos, actividades e sistema de avaliación da materia.

De acordo con todo o anterior, esta normativa pretende regular as directrices para a organización das diferentes accións e axentes implicados no desenvolvemento desta materia.

Artigo 1. Fins do Prácticum.

De acordo co Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, poderán desenvolverse as prácticas académicas externas en modalidade curricular, e por tanto formando parte do plano de estudos e do proxecto formativo do título, ou en modalidade extracurricular. No título de grao en Educación Infantil, o Prácticum é, por tanto, unha práctica académica externa curricular.

Este Real Decreto establece no seu artigo 3 que coa realización das prácticas académicas externas se pretenden alcanzar os seguintes fins:

- a) Contribuír para a formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que os estudantes han operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
- d) Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.
- e) Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

Artigo 2. Matrícula.

Para poder matricularse no Prácticum será requisito imprescindible ter superado o 70% dos créditos de formación básica e obrigatoria correspondente aos tres primeiros cursos.

Artigo 3. Organización do Prácticum.

1. A xestión e organización das prácticas externas na Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo é responsabilidade do seu decano/a, xunto coa Comisión Xeral de Prácticas da Facultade e a Comisión do Prácticum, e contarase, ademais, coa colaboración do servizo responsable da Universidade de Vigo. A orientación no desenvolvemento das prácticas académicas externas correspóndelles ás titoras e titores académicos coa participación de profesorado de educación infantil como titores/as externos nos centros educativos.

2. A Facultade de Educación e Traballo Social disporá dos convenios de colaboración educativa necesarios para a realización do Prácticum. Contarase cunha listaxe de centros colaboradores tanto públicos coma privados ou concertados.

3. A Comisión de Prácticas da Facultade garantirá que todo o alumnado matriculado no Prácticum dispoña de centro educativo para a súa realización. Na medida do posible, garantirá que cada alumno/a en prácticas poida escoller o centro onde realizar o Prácticum. Esta elección, en todos os casos, deberá seguir os principios de transparencia, publicidade, igualdade de oportunidades e obxectividade. Asimesmo, solicitarase a documentación requirida ao/á estudante.

3.1 Temporalización

Segundo o plan de estudos a materia Prácticum, de 48 créditos ECTS, figura no 4º curso con carácter anual.

FASES	TRÁMITES
1ª	Informar e facilitar ó alumnado a documentación necesaria para a solicitude e conformidade do centro de prácticas.
2ª	Entrega da documentación de solicitude de prácticas por parte do alumnado e a conformidade do centro escolar.

3^a	Publicación, pola coordinación do Prácticum, das listaxes provisionais de asignación de titoras/es académicos e centros educativos. De selo caso, reclamacións ás listaxes provisionais.
4^a	Publicación, pola coordinación do Prácticum, da listaxe definitiva de asignación a centros educativos e titorización académica.
5^a	Reunión xeral do alumnado en prácticas coa coordinación do Prácticum. Reunión inicial do alumnado coas súas respectivas titoras e titores académicos.
6^a	Realización do Prácticum nos centros escolares asignados. Asistencia ás sesións orientativas coa titora ou titor do Prácticum da Universidade.
7^a	Entrega da memoria do Prácticum por parte do alumnado.

O calendario coas datas exactas será divulgado pola coordinación do Prácticum e/ou a secretaría do decanato, coa antelación suficiente, unha vez aprobado pola Xunta de Titulación.

O alumnado axustarase ao horario do centro no que realice as prácticas académicas externas. Poderá ausentarse do centro para asistir ás sesións formativas de titorización do Prácticum na facultade, así como para cumprir as súas responsabilidades de representación en órganos colexiados da Universidade, se for o caso, ademais dos supostos recollidos no Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Vigo. De acordo co artigo 6.7 do citado Regulamento, no caso de ausencias prolongadas, as prácticas poderán suspenderse temporalmente ou rescindirise.

3.2. Coordinación do Prácticum

1. A dirección da facultade nomeará unha persoa coordinadora de Prácticum

do grao de Educación Infantil, que desenvolverá como función principal a coordinación na xestión de prácticas entre os centros educativos. Coordinarase tamén coas Vicerreitorías que posúan competencias para a tramitación dos programas de prácticas internacionais e prácticas académicas extracurriculares.

2. O/a docente responsable da coordinación do Prácticum será a persoa encargada de lles asignar alumnado ás titoras e titores académicos correspondentes. Os criterios polos que se rexerá o/a coordinador/a serán, na medida do posible, os seguintes: (1) reparto equilibrado en canto a número de alumnos/as asignados a cada titor/a; (2) correspondencia entre a mención do alumno/a e a área curricular do profesor; (3) equilibrio en canto a localización/distancia (cidade-resto da CCAA); (4) o mesmo docente titorizará todos os alumnos/as de prácticas dun determinado centro educativo.

3. A persoa coordinadora do Prácticum no grao de Educación Infantil realizará as seguintes funcións:

- a) Manter as necesarias relacións de consulta e información co equipo decanal en todo o referente a centros, prazas, titores/titoras e número de estudantes.
- b) Elaborar o proxecto formativo da materia ou guía docente en coordinación co profesorado que exerce as funcións de titor/a académico .
- c) Convocar e presidir a Comisión de Prácticum, cando o considere necesario, para resolver as incidencias, tanto de carácter xeral coma particular, que poidan presentarse durante o desenvolvemento do Prácticum. En calquera caso, como mínimo, deberá convocar dúas reunións orientadas a:

- Aprobación da guía docente da materia para o curso seguinte.

- Avaliación do alumnado de acordo cos criterios establecidos nesta normativa e na guía docente da materia.

- d) Elaborar os documentos necesarios para a orientación, desenvolvemento e avaliación das prácticas do Grao de Educación Infantil, en colaboración co resto de titores/as académicos.
- e) Coordinar as accións necesarias para pór en contacto a Facultade cos distintos centros escolares que van participar no Prácticum, indicando o número de prazas en cada un deles e organizando a adscrición de estudantes e titoras e titores da Facultade a cada un dos centros educativos.
- f) Facilitar unha comunicación fluída entre todas as partes implicadas para garantir o bo desenvolvemento do período de prácticas nas súas distintas fases.
- g) Organizar e participar nas xornadas de orientación, información e preparación do Prácticum destinadas a estudantes de 3º e 4º curso.
- h) Coordinar ó profesorado que exerce a titorización académica.
- i) Promover a sinatura de convenios específicos coas entidades colaboradoras, no caso de ser preciso.
- j) Cumprimentar e asinar as actas desta materia.

3.3 Titorización académica.

Os titores/as académicos/as de prácticas serán profesores/as con vinculación permanente e pertencente á Xunta de Titulación. Previa a elaboración da PDA a/o responsable da Xunta de Titulación solicitará a súa dispoñibilidade para a titorización. No caso de ser necesario, abrirase esta solicitude ao profesorado axudante doutor ou asociado con docencia na titulación e con experiencia no Prácticum. Tendo en conta o número de alumnado matriculado xunto coa asignación de horas en POD ás/os titoras/es académicos, a coordinación do prácticum ampliará ou reducirá o número de titorandos por titor/a académico.

1. As funcións atribuídas no artigo 12.2 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, son as seguintes:
 - a) Velar polo normal desenvolvemento do Proxecto Formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do/a estudante.
 - b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor/a do centro educativo e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.
 - c) Autorizar as modificacións que se produzan no Proxecto Formativo.
 - d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do/a estudante titorizado/a de acordo co que se establece no artigo 15 dese Real Decreto.
 - e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor/ a.
 - f) Informar ao órgano responsable das prácticas externas na Universidade, neste caso, ao/á coordinador/a de prácticas da titulación das posibles incidencias xurdidas.
 - g) Supervisar, e no seu caso solicitar, a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os e as estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
2. Ademais, na Facultade de Educación e Traballo Social, as persoas que desempeñan a titorización académica deben:
 - (a) Manter unha reunión orientadora inicial con todos os seus estudantes de prácticas externas curriculares antes do comezo destas. Nela achegarase información sobre a realización das prácticas, as diferentes áreas de competencia que deben adquirir, os documentos que deben elaborar, así como sobre os procedementos e criterios de

avaliación.

- (b) Titorizar o traballo dos/as estudantes durante todo o período de prácticas e organizar con eles/elas reunións periódicas, cuxa convocatoria se anunciará previamente ao comezo da titorización e se exporá publicamente seguindo as orientacións da Comisión de Prácticum.
- (c) Manter contactos regulares cos centros educativos. No caso de que xurdise algunha incidencia importante, deberán comunicarlle ao coordinador/a de Prácticum correspondente co fin de resolvela canto antes.
- (d) Avaliar a actuación dos estudantes, seguindo a guía docente, durante o seu período de prácticas nos apartados que lle corresponda, comunicarlle a cualificación á coordinación de prácticas nos prazos establecidos e cumprimentar o protocolo correspondente. Depositar as evidencias da avaliación na plataforma do Prácticum.
- (e) Participar das reunións da Comisión de Prácticum e na Comisión Específica de Matrícula de Honra, así como nas sesións formativas dirixidas á mellora da calidade do Prácticum.
- (f) Comunicar propostas de mellora ou posibles ámbitos de traballo, tanto para a titorización como para a formación ou a xestión do Prácticum.

3.4. Titorización nos centros educativos.

Os centros de prácticas recibirán o alumnado de acordo co seu protocolo de acollida. Os titores e titoras dos centros educativos, coa mesma titulación co alumnado que titoriza, guiarán o proceso de aprendizaxe do/da estudante en prácticas facilitándolle a oportunidade de observar, colaborar, planificar, intervir, reflexionar e investigar sobre a actividade formativa que se desenvolve no

centro escolar, así como da mención correspondente, o que obriga a unha colaboración e relación estreita durante todo o período entre o centro educativo e a universidade.

Amais, segundo se recolle no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, a persoa titora externa pertencente á entidade colaboradora, deberá estar vinculada con ela e contar con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha titorización efectiva; non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor/a académico da universidade (artigo 10.2).

1. O artigo 11.2 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, establece as seguintes funcións para as persoas titoras de entidades colaboradoras:

- Supervisar as actividades que realiza o alumno/a, orientar e controlar o desenvolvemento da súa práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e de normativas de interese, especialmente as relacionadas coa seguridade e riscos laborais.
- Facilitarlle ao titor/a académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins da súa función.
- Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida precisar na realización das súas actividades.
- Emitir o informe final e, se é o caso, o informe intermedio sobre o desenvolvemento da práctica por parte do/a estudante.

2. Ademais, dende a Facultade de Educación e Traballo Social, requírese ás persoas que exercen a titoría nos centros educativos:

(a) Familiarizar os/as estudantes (futuros/as docentes) coa dinámica do centro

e da aula, organizándolles as tarefas e a súa intervención na clase, supervisando o deseño e a planificación de actividades didácticas e orientándoos sobre a súa actuación.

- (b) Facer un seguimento do traballo dos/as estudantes no centro educativo, observar e supervisar a súa implicación e actuación nas diferentes áreas de competencia, facéndolles comentarios sobre estas, en coordinación co titor ou titora de facultade.
- (c) Cubrir o protocolo de avaliación e facelo chegar ao profesor ou profesora titora correspondente da Facultade.

Artigo 4. A Comisión do Prácticum

Dado que as mencións son compartidas entre os graos de Educación Infantil e Educación Primaria, a Comisión do Prácticum é a mesma.

1. A Comisión de Prácticum está constituída por:

- A decana ou decano, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente da comisión.
- As coordinadoras ou coordinadores do Prácticum nas titulacións de Educación Infantil e Educación Primaria.
- As titoras e titores da universidade que actúen como tales durante o curso académico correspondente.

2.-A Comisión do Prácticum realizará as seguintes funcións:

- (a) Participar na elaboración da guía docente da materia en consonancia co proxecto formativo do título. A guía docente presentará o último nivel de concreción das competencias e resultados da aprendizaxe que o/a estudante adquire co desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares, así como o resto de elementos que configuran o proxecto formativo.
- (b) Aprobar a guía docente da materia que será elevada á Xunta de Centro.
- (c) Aprobar a asignación de estudantes aos respectivos centros educativos

e aos correspondentes titores/as académicos.

(d) Velar pola correcta avaliación dos estudantes, de acordo cos criterios establecidos nesta normativa e na guía docente.

(e) Dirimir, na avaliación da materia Prácticum, a mención de Matrícula de Honra.

(f) Resolver os conflitos que poidan xurdir no desenvolvemento desta materia.

Artigo 5. Avaliación do Prácticum.

1. Para facilitar o proceso de avaliación, antes do inicio das prácticas, o coordinador/a do Prácticum remitiralle ao centro escolar a folla de avaliación na que se reflectan as diferentes competencias obxecto de valoración.

2. A titora ou titor do centro escolar realizará e remitirá ao titor/a académico da Universidade a un informe final, ao remate das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo alumno/a e a valoración das competencias tanto xenéricas como específicas, previstas no correspondente proxecto formativo.

3. O/a titor/a académica da universidade será o responsable da avaliación final das prácticas segundo o seguinte criterio:

- 50% Valoración no Informe do/da titora do centro escolar.
- 50% Valoración do/da titor/a académica, tendo en conta a asistencia e participación das reunións e outras actividades programadas xunto coa Memoria de Prácticas.

4. Para superar a materia do Prácticum o/a estudante deberá acadar o aprobado en cada un dos criterios de avaliación establecidos nos informes, tanto do titor/a do centro escolar coma do titor/a académico.

5. Na data e hora establecida o/a alumno/a poderá acudir á revisión da cualificación do Prácticum outorgada ante a persoa que exerceu a titoría

académica. Trala revisión da cualificación, se o/a estudante estivese descontento coa puntuación conferida pode, nun prazo de sete días naturais, solicitar a revisión da cualificación a través do da coordinación do Prácticum.

6. O procedemento para a asignación de Matrícula de Honra (MH) será dirimido pola Comisión de Prácticum.

5.1. A Memoria de Prácticas.

1. O desenvolvemento da memoria de prácticas queda establecida no artigo 14.1 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo.
2. A Comisión de Prácticum actualizará oportunamente as recomendacións precisas para unha correcta elaboración da memoria.
3. A memoria deberá incluír o documento de compromiso de confidencialidade, así como un informe do traballo desenvolto polo/a estudante durante o período de prácticas e a súa autoavaliación.
4. A memoria deberá ser entregada na forma e prazo que se indique ao inicio do período de prácticas.
5. Na memoria evitarase o uso de imaxes e fotografías non autorizadas, en consonancia coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 6. Certificación

O servizo de apoio ó Prácticum na Facultade de Educación e Traballo Social, ó remate de cada curso académico emitirá un certificado acreditativo:

- Aos estudantes que realizaron as prácticas externas curriculares segundo

o modelo normalizado.

- Ás persoas que exerceron a titoría nos centros educativos.
- Ás persoas que exerceron a titorización académica na universidade.

Artigo 7. Documentación e arquivo

1. Os responsables de cubrir e supervisar os distintos documentos que se xeneran no Prácticum, serán os que se indican a continuación:

Documen	Identificación	Responsable
Anexo I	Condições da práctica académica externa	Centro educativo Estudante en prácticas Coordinación de Prácticum
Anexo II	Declaración responsable como entidade colaboradora no programa de prácticas académicas externas curriculares da Universidade de Vigo	Centro educativo Coordinación de Prácticum
Anexo III	Compromiso do estudante en prácticas	Estudante en prácticas e Coordinación de Prácticum
Anexo IV	Informe do titor/a do centro educativo	Centro educativo Titores/as académicos
Anexo V	Informe do titor/a académico/a.	Titores/as académicos Coordinación de Prácticum
Anexo VI	Informe final das prácticas do/a estudante	Estudante en prácticas Titores/as académicos
Anexo VII	Solicitud de modificación das condicións das prácticas externas	Titores/as académicos Centro educativo Estudante en prácticas Coordinación do Prácticum

Anexo VIII	Solicitud de rescisión/interrupción das prácticas externas.	Titores/as académicos Centro educativo Estudiante en prácticas Coordinación do Prácticum
Anexo IX	Certificado de participación como titor/a na entidade colaboradora.	Secretaría da Facultade/ área de apoio á xestión do Prácticum
Anexo X	Certificado de realización do Prácticum	Secretaría da Facultade/ área de apoio á xestión do Prácticum Titores/as académicos
Anexo XI	Convenio de Cooperación	Vicerreitoría correspondente
Anexo XII	Certificado de AUSENCIA de delitos sexuais	Centro educativo Estudiante en prácticas Coordinación de Prácticum
Anexo XIII	Compromiso de confidencialidade	Estudiante en prácticas Centro educativo Coordinación de Prácticum
Anexo XIV	Calendario de desenvolvemento do Prácticum	Secretaría da Facultade/ Coordinación do Prácticum
Anexo XV	Calendario de titorizacións	Titores/as académicos Secretaría da Facultade/ Coordinación do Prácticum
Anexo XVI	Memoria de prácticas	Estudiante en prácticas Coordinación do Prácticum

2. A documentación xenerada no Prácticum que ten ver co desempeño nas prácticas externas curriculares será arquivada na plataforma específica da materia. A relacionada coa xestión e certificacións estará depositada na área de apoio ó Prácticum ou no servizo correspondente que estableza a Universidade.

Artigo 8. Calidade das prácticas externas.

1. A garantía que establece o sistema de calidade da Facultade de Educación e Traballo Social das prácticas externas establece que tanto a facultade coma os centros educativos deben de garantir que as persoas titoras velen polo correcto desenvolvemento das prácticas e revisen a súa planificación.

2. O estudiantado das prácticas terá acceso á enquisa de satisfacción.

Artigo 9. Protección de datos

Os datos persoais do estudiantado e os contactos dos centros colaboradores utilízanse e incorpóranse aos ficheiros da Universidade de Vigo, segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o establecido no artigo 22 do regulamento de prácticas da Universidade de Vigo.

Artigo 10. Normas supletorias

En todos aqueles aspectos non previstos nesta Normativa será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo (en especial o Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de abril de 2021 e demais vixentes.



Facultade de
Ciencias da Educación
Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado
FIDES AUDIT